



## CORONAVIRUS

### Instrución para os domicilios sobre xestión de residuos domésticos e COVID-19 17.03.2020

#### **Manexo domiciliario dos residuos en fogares positivos ou en corentena por COVID19**

Segundo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, os residuos do paciente, incluído o material desbotable utilizado pola persoa enferma (luvas, panos, máscaras), hanse de eliminar nunha bolsa de plástico (**BOLSA 1**) nun cubo de lixo disposto na habitación, preferiblemente con tapa e pedal de apertura, sen realizar ningunha separación para a reciclaxe.

A bolsa de plástico (**BOLSA 1**) debe pechase adecuadamente e introducila nunha segunda bolsa de lixo (**BOLSA 2**), á beira da saída da habitación, onde ademais depositaranse as luvas e máscara utilizados polo coidador e pecharase adecuadamente antes de saír da habitación.

A **BOLSA 2**, cos residuos anteriores, depositarase co resto dos residuos domésticos na bolsa de lixo (**BOLSA 3**) correspondente ao cubo de fracción resto. A **BOLSA 3** tamén se pechará adecuadamente.

Inmediatamente despois realizácese unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos.

A **BOLSA 3** depositarase **exclusivamente no contedor de fracción resto**<sup>1</sup> (ou en calquera outro sistema de recollida de fracción resto establecida na entidade local), **estando terminantemente prohibido depositala nos contedores de recollida separada** de calquera das fraccións separadas (orgánica, envases, papel, vidro ou téxtil) ou o seu abandono na contorna.

#### **Manexo domiciliario dos residuos en fogares sen positivos ou cuarentena**

No caso dos fogares sen positivos nin en corentena, a separación dos residuos realizarase como vén facéndose habitualmente.

Co fin de reducir ao máximo a fracción resto (ou fracción seca onde sexa aplicable) que chega as plantas de tratamento, convén lembrar aos cidadáns a importancia de optimizar a recollida separada das distintas fraccións (papel/cartón, vidro, envases,

<sup>1</sup> En poboacións con separación húmido-seco, a bolsa 2 deberase depositar na fracción que indique a entidade local.



orgánica no seu caso), e depositar nos seus contedores unicamente os residuos correspondentes a tales fraccións.

Por último, lémbrese aos cidadáns que as luvas de latex ou nitrilo empregados para facer a compra ou outros usos non son envases e por tanto non deben depositarse no contedor de envases lixeiros (amarelo).